

Resolución do Tribunal designado pola Resolución do 04.11.2024, (DOG núm. 218 do 12 de novembro), que deberá cualificar o proceso de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocados pola Orde do 14.08.2024 (DOG núm. 169, do 03.09.2024)

En sesión que tivo lugar o 25.11.2024, este tribunal

ACORDOU:

Publicar como anexo a esta resolución a baremación provisional da fase de concurso do proceso de acceso por promoción interna (PR461C), con indicación da puntuación acadada polas persoas aspirantes en cada epígrafe, segundo o disposto nas bases xerais reguladoras da convocatoria 6.2 e 9 e de conformidade co anexo IV da convocatoria que recolle a táboa de méritos aplicable.

As persoas aspirantes poden presentar alegacións á baremación provisional no prazo de tres días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación desta resolución na páxina web da Agasp (27, 28 e 29 de novembro).

Tal e como se establece na base xeral reguladora 3.8 da convocatoria, todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A presidenta do Tribunal

